

IRIA ANTUÑA DOMÍNGUEZ, responsable da área de privada da Federación de Ensino de CCOO de Galicia.

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 05/04/2019 12:52:34

ENTRADA 43378 / RX 781366



EXPÓN

1º Que a Ley Xeral da Seguridade Social (RDL 1/1994) no seu artigo 166 regulaba as modalidades de xubilación parcial mediante a cales empresa e traballador podían acordar a redución de xornada.

A Ley 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social mantén a modalidade de xubilación parcial pero modificando os criterios vixentes ata entón.

A aplicación da regulación da xubilación parcial establecida na lei 27/2011, foi suspendida durante un prazo de 3 meses polo RDL 29/2012. O Real Decreto-ley 5/2013, de 15 de marzo restrinxo aínda máis a súa aplicación pero segue mantendo a súa posibilidade. Ao mesmo tempo contempla que mediante acordo de empresa se poidan manter as prestacións, vixentes antes de la entrada en vigor de la Lei 27/2011, para as pensións de xubilación que se causen antes de 1 de xaneiro de 2019.

Polo tanto, e mais aló dos vaivéns legais experimentados, a xubilación parcial segue estando presente no ordenamento legal sen que existe impedimento legal para a súa inaplicación máis alo das condicións requiridas para acollerse a ela.

2º Que a xubilación parcial é unha medida que permite reducir a carga laboral para persoas cunha longa carreira profesional e próximas á xubilación. Ao favorecer o tránsito escalonado cara outra etapa vital, ten un impacto moi positivo na mellora das condicións laborais e persoais para as persoas que xa superan os 61 anos.

É unha ferramenta útil para o fomento do emprego. Promove a incorporación da xente moza ao ensino, rexuvenecendo cadros de persoal cuxa idade media está moi por enriba da media e das recomendacións da Unión Europea. Ao tempo axudaría a paliar unha das eivas do mercado laboral español no que o paro que afecta a xuventude é un dos problemas reiteradamente sinalado polos organismos internacionais.

Das beneficios mencionados non pode senon derivarse unha mellora sustancial para o sistema educativo e a calidade do ensino.

3º O recoñecemento explícito da importancia económica e social da xubilación parcial, pono de manifestó o Real Decreto-lei 20/2018, de 7 de decembro. O decreto mantén o réxime transitorio (que remataba a finais do 2018) ata xaneiro de 2023. Inda que o seu carácter é restrictivo — de momento só é de aplicación a sectores industriais — o seu mantemento pon de manifesto que a

xubilación parcial ademáis de necesaria, constitúe unha medida positiva de tránsito da vida activa á xubilación.

4º O remate da moratoria recollida na lei e o endurecemento das condicións, fundamentalmente os referidos a cotización do relevista e relevado, xeran incertidume entre os traballadores e traballadoras e o risco de retraemento dos titulares dos centros a hora de formalizar contratos de relevo diante da inseguridade que se pode suscitar. A natureza desta modalidade de xubilación, que esixe acordo entre as partes, fai preciso que acordemos unha formula entre todos os actores implicados para garantir o seu mantemento.

5º Noutras Comunidades Autónomas organización sindicais, patronais e Administración asinaron xa acordos de mantemento da xubilación parcial.

6º Segundo as estimacións realizadas por esta Secretaria de CCOO, o incremento do gasto para a Consellería de Educación sería modesto, alomenos para os 2 próximos anos.

Achegamos valoración en documento anexo.

Por todo o exposto

SOLICITO:


Que se aborde na Mesa Tripartita do Ensino Concertado as negociacións pertinentes que terán por finalidade acadar un acordo de mantemento da xubilación parcial para os traballadores e traballadoras do ensino concertado da Comunidade Autónoma de Galicia.

Con ee propósito, solicito que se convoque a todos os seus membros para abordar o estudio e negociación dun acordo de xubilación para o ensino concertado de Galicia a semellanza do xa acadado noutras Comunidades esta proposta.

Santiago de Compostela 5 de abril de 2019

Asdo.: Iria Antuña Domínguez

Secretaría de E. Privada



SR DIRECTOR DE CENTROS E RRHH